VOLUME 12

BRIGANTIUM

BOLETÍN DO MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO DA CORUÑA

BRIGANTIUM, 2000, vol. 12, pp 187-198

OS ÚLTIMOS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS NO CASTRO DE VILADONGA (CASTRO DE REI, LUGO): 1988 - 1998

FELIPE ARIAS VILAS
Director do Museo do Castro de Viladonga

Resumo: Faise unha síntese dos resultados obtidos a partir das escavacións arqueolóxicas realizadas no xacemento castrexo e galaico-romano de Viladonga, en particular das campañas de 1988-1989, 1990, 1992 e 1996, cunha mención ós traballos de limpeza e consolidación anuais. Despois de dezaseis campañas de escavación, desde que en 1971 as iniciara Chamoso Lamas e coa continuidade das mesmas desde 1982 baixo a dirección do autor, resúmense os coñecementos e as potencialidades científica, cultural e patrimonial do Castro de Viladonga como conxunto arqueolóxico e museístico.

Palabras clave: Castro de Viladonga. Escavación. Limpeza. Consolidación. Castrexo. Galaico-romano.

Abstract: *Recent Archaeological Work at the Hill-Fort of Viladonga (Castro de Rei, Lugo): 1988-1998.* This article presents a summary of the results of the archaeological excavations carried out at the Galician-Roman hill-fort settlement of Viladonga, particularly the digs of 1988-89, 1990, 1992 and 1996. Also mentioned is the annual upkeep and consolidation work. Based on sixteen excavation campaigns first begun in 1971 by Chamoso Lamas and the continuation of these digs starting in 1982 under the direction of the author, there is a summary of the knowledge and scientific, cultural and heritage potential that the Hill-Fort of Viladonga has to offer as a museum and archaeological ensemble.

Key words: Hill-Fort of Viladonga, Excavation, Clearing, Consolidation, Hill-fort. Galician-Roman.

Introducción

Os traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga, que ocupa toda a coroa dun monte que domina a Terra Chá desde o seu ángulo NE, foron iniciados en 1971 baixo a dirección de Manuel Chamoso Lamas que, ata 1978, puxo ó descuberto case toda a croa central do Castro. Nesta primeira fase de escavacións quedaron á vista numerosas construccións, sempre feitas de pizarra ou xisto e de moi diversos tipos (circulares e oblongas, cadradas ou cadrangulares, alongadas...), así coma outros elementos constructivos de moito interese (murallas, escaleiras, pavimentos lousados, lareiras...). Desde moi cedo, chamou a atención do seu primeiro escavador a inxente cantidade de materiais e obxectos achados, en moitos casos de clara cronoloxía romana, todo o cal, unido á súa monumentalidade, fixeron do Castro de Viladonga un xacemento senlleiro e representativo da Cultura Castrexa pero, como logo se comprobou, habitado durante a etapa galaico-romana (Chamoso, 1977; Arias/Durán, 1996, 24-26).

En 1982 iniciabamos nós a segunda fase dos traballos arqueolóxicos no Castro, que incluiron xa desde entón, non só as escavacións propiamente ditas senón tamén os labores de limpeza e consolidación do sitio, (considerando a súa importante función cultural, educativa e mesmo "turística" -ó cabo, social-), ademais dos pertinentes traballos de investigación sobre os diversos aspectos do xacemento, sobre os seus materiais e tamén sobre o seu contexto histórico e contorno xeográfico. Nesta segunda etapa,que continúa no presente, a atención ós traballos no Castro (de investigación arqueolóxico-histórica, e de conser-

vación, mantemento e presentación do xacemento), compleméntase coa posta en marcha (en 1986) e posterior funcionamento integral e global do seu Museo monográfico (Arias/Durán, 1996).

Deste xeito e desde aquel año, vense procedendo á continuación e á ampliación, ou profundización nalgúns casos, das áreas anteriormente escavadas, tanto no recinto central ou croa coma noutras zonas máis periféricas do Castro (murallas e foxos do lado Leste, antecastro do lado Oeste, etc.). Continuouse así o descubrimento de máis estructuras habitacionais, murallas, áreas de expansión, camiños de acceso, etc. e, por suposto, proseguiron os numerosos achados de materiais de todo tipo pero sempre de clara caracterización castrexa e galaico-romana.

O Castro de Viladonga constitúe, pois, un exemplo ou modelo formal de castro do Noroeste, con varias murallas e foxos (sobre todo no lado E) que abranguen dous grandes antecastros ou socastros (no O e no SE) e unha ampla acrópole ou recinto central. Nesta croa é onde se atopan a maioría das construccións descubertas ata agora: vivendas, currais, algúns posibles almacéns e obradoiros, un edificio de probable carácter social ou comunal, etc.; todas elas estructúranse en grupos ou barrios artellados en torno a dous camiños cruzados e nunha ronda paralela á muralla principal (vid. plano e fotografía aérea, figs. 1 e 2).

Precisamente as estructuras defensivas e de habitación, así coma os materiais que arreo ven proporcionando o xacemento, evidencian para o



Figura 1: Plano do Castro de Viladonga (actualizado a data 1998)

Castro de Viladonga un asentamento cunha ocupación duradeira e importante sobre todo entre fins do s. II e fins do s. V d.C., (sen prexuizo da existencia dun nivel máis antigo, probablemente moi reducido desde o punto de vista temporal e espacial, vid.infra), facendo del un sitio clave para estudiar e coñecer (así como comprender e divulgar) a evolución do mundo dos castros na etapa galaico-romana.

As campañas de escavación, limpeza e consolidación de 1988 e 1989

O feito de considerarmos conxuntamente estas dúas campañas débese a que, en realidade, a do ano 1989 non foi máis ca unha continuación da do ano anterior, pois consistiu fundamentalmente na retirada dos muros testemuños de terra deixados en 1988 (vid. Arias 1991 e Arias 1996).

Os obxectivos eran sobre todo dous: por unha banda, facer unha grande zanxa ou corte transversal ás murallas e foxos do lado Leste partindo desde o interior da mesma croa, co fin de comprobar a continuidade do xacemento por esta parte e ver a estructura e disposición daquel sistema defensivo. Por outra banda, e como xa é adoitado desde 1982, facíase a campaña anual de limpeza e consolidación da croa e muralla principal do Castro, que se "desgasta" inevitablemente polo seu continuado uso social e cultural.

Sen referirnos de xeito demorado e polo miúdo ó desenvolvemento dos traballos (do que se prescindirá sempre nesta breve colaboración en aras dunha lectura máis leviá e clara e para non facela tan cargada de datos e detalles metodolóxicos e instrumentais como adoitan ser os chamados informes e memorias de escavación), as conclusións que se poideron extraer daquelas dúas campañas resumiríanse no que a seguir se sinala, tendo sempre en conta o seu carácter provisional dado que esta e outras áreas do xacemento non están nin moito menos esgotadas.



Figura 2: Fotografía aérea do Castro de Viladonga (en 1994)

Figura 3: Vista xeral do corte feito en 1988-1989 sobre as murallas do lado E.

A muralla principal, polo menos neste lado Leste, ten un paramento pétreo polo seu interior, pero é unha enorme morea de terra e pedra pola cara exterior; terra e pedra presumiblemente extraída do primeiro gran foxo que ten ó seu pé e que está (coma o segundo) escavado e picado no penedo pizarroso do monte (fig. 3). Este sistema defensivo revélase como particular deste lado do Castro, moi probablemente polo menor desnivel natural do terreo que aquí existe en comparanza coas zonas Norte e Oeste, defendidas cun só parapeito a continuación da muralla principal e do antecastro (vid. Figs. 1 e 2); de igual xeito, podemos falar dun sistema variable, coa conxunción e complementación de murallas, foxos, un "bastión" semicircular e un espacio habitable intermedio (¿a xeito de "corpo de garda"?) na entrada Leste, etc. (fig. 4).

Documentáronse nesta área Leste alomenos dous niveis anteriores á construcción daquel sistema defensivo. Un deles está pouco definido e mal localizado, sobre o mesmo penedo natural, e asóciase a algunha cerámica común castrexa, escorias e anacos de ferro e anacos de "palla-barro" (probablemente do revestimento dos teitos de palla ou colmo). O outro parece ser un claro nivel "de obra", contemporáneo da erección das defensas e do propio Castro tal como hoxe o entendemos.

Figura 4: O corte de 1988-1989 no segundo foxo.

Poderíase engadir que a especificidade do material aparecido fóra da croa ven dada pola presencia exclusiva de cerámica de tradición castrexa e dalgúns elementos ligados ó traballo dos metais (ferro e bronce). Esta especificidade debe obedecer, máis cá unha anterioridade no tempo, a unha diferenciación ou especialización do grupo e/ou do traballo que se localiza nesta parte do Castro, mentres dentro da croa (pero na mesma zanxa ou corte) os materiais de filiación galaico-romana , como tégulas ou unha fíbula en omega, xa eran frecuentes. É dicir, en calquera caso aqueles niveis de ocupación defínense como moi seguidos no tempo e mal tipificados, e non chegan a alterar a idea primordial dun asentamento castrexo importante en época tardía que é o que segue caracterizando a Viladonga.

Con material orgánico (carbón vexetal e ósos de animais) destas campañas de 1988-1989 realizáronse unhas análises de Carbono 14 que permitiron complementar os resultados estrictamente arqueolóxicos daquelas (en especial as mostras CSIC-862, con data calibrada de 190 a.C.-111d.C. e CSIC-938, con data calibrada de 94 a.C.-22 d.C.), cun resultado combinado de entre o 66 a.C. e o 20 d.C. para aquel material (vid. Arias-/Fábregas, 1997, n.p.). Este resultado pode complementarse agora cos datos de escavacións

previas e posteriores a 1988-1989, os cales dan pé á idea da existencia no Castro dunha ocupación anterior ó momento do máximo desenvolvemento espacial e á etapa (tardía) de maior auxe poboacional de Viladonga. As conclusións tiradas das datas do C14 apuntan á presencia dunha actividade, polo menos neste sector do xacemento e desde o primeiro tercio do s. I a.C., sen rexeitar por completo a posibilidade dunha presencia quizais algo anterior a teor dalgúns materiais metálicos ou cerámicos recollidos na croa (ben que de xeito errático na maioría dos casos, Chamoso, 1977). Engádase que precisamente no ángulo NE da croa está documentada a existencia dalgúns restos de muretes e niveis subxacentes ós galaico-romanos hoxe visibles, e cuns materiais igualmente ruíns e esnaquizados coma os atopados no corte practicado no lado Leste en 1988 e 1989 (Arias/Durán, 1996, 56-58).

Así, nesta parte do Castro, habería unha primeira ocupación entre os s. I a.C. e I d.C., probablemente moi limitada no espacio e no tempo e moi derramada por ulteriores utilizacións, que a arrombaría para proceder ó acondicionamento e organización espacial do poboado e do seu gran sistema defensivo, que pertencen á etapa tardorromana, espallada por todo o xacemento (Arias/Fábregas, 1997, n.p.).

Os traballos de limpeza e rozado de vexetación así coma os de consolidación de estructuras acometéronse tamén en 1988 e, en menor medida, en 1989. Faremos aquí unha somera descrición do sistema e criterios seguidos neles e, para non insistir, o lector aplicaráa ós mesmos apartados referidos a outros anos, pois xa sinalabamos que este aspecto ven sendo atendido e coidado neste xacemento de xeito periódico (aproximadamente anual), dada a importancia da súa función socio-cultural e educativa ou, se se prefire, patrimonial e turística ó mesmo tempo (pode verse para estes aspectos, Arias, 1997).

O rozado da vexetación (sobre todo de leñosas e dicotiledóneas) realízase fundamentalmente sobre a croa, a muralla principal, o antecastro Oeste e os accesos e consiste no cortado, manual ou con máquina desbrozadora ou motosegadora, e co uso aparellado (e puntual) de herbicidas selectivos.

A consolidación consiste sobre todo na reposición de pedras sobre os muros existentes,

Figura 5: A escavación de 1990 durante a súa realización

utilizándose como material aglutinante a propia terra e, só cando é estrictamente imprescindible, unhas pingas de cemento no interior dos muros e nunca á vista, pero sinalado ó exterior cuns pequenos ripios de cuarzo branco do que existe no propio Castro. Os muros, que se deixan á súa distinta altura conservada, remátanse cunha cubrición de terróns de herba para protexelos fundamentalmente das xeadas pero tamén do uso e desgaste por parte do público visitante.

Un último apunte a este respecto: o xacemento non está "musealizado" no sentido en que se conserva e se presenta nunhas condicións moi similares a como aparecen as súas estructuras, sen carteis nin indicadores de ningún tipo. Esta opción, sempre revisable, baséase en que, por un lado, o Castro, como tal poboado fortificado, é ben comprendido mesmo por persoas de baixo nivel cultural, e por outro, na existencia dun Museo monográfico ó seu pé que permite ofrecer todo tipo de informacións e reconstruccións sen necesidade de incidir nin "agredir" os restos patrimoniais que son xa "ruína consolidada" (Arias, n.p.).

A escavación previa ás obras de ampliación do Museo (1990)

Cando as necesidades do Museo obrigaron a facer unhas importantes obras de ampliación e reforma do seu edificio (Arias, 1992), sito na última plataforma ou aterrazamento fóra da croa do Castro no seu lado SE, foi preciso facermos unha escavación previa no mesmo lugar, aínda que non houbese noticias de achados anteriores nesta área (pero si no antecastro veciño). Foi, dalgún xeito, unha escavación "de oficio", e en previsión de que fose necesario modificar o proxecto constructivo a resultas de posibles achados de estructuras arqueolóxicas.

A escavación abrangueu, pois, toda a zona que ía sofrir movemento de terras e seguindo a trama cuadriculada na que se organiza, a estes efectos, o xacemento (fig. 5).

Se ben a cantidade de terra removida foi enorme (foron uns 250 m^2 escavados, cunha fondura media de 1'50/1'75 m), os resultados desta campaña confirmaron a ausencia de estructuras de calquera tipo nesta última plataforma do Castro e, en cambio, documentaron a existencia dun camiño de acceso ó poboado por esta parte (a través da ladeira Sur do monte), camiño que coñeceu polo menos dúas refeituras, a segunda delas posiblemente en época máis moderna. Non houbo a penas achados materiais, e moito menos asociados, que permitisen a súa datación contextualizada, aínda que cómpre destacar a presencia dunha conteira de vaíña de bronce, moi similar ás atopadas nos castros de Borneiro e Fozara (Arias, 1990-1991), entre outros obxectos que permiten supoñer a coetaneidade deste camiño co momento de auxe do Castro.

Por outro lado, os propios resultados da estratigrafía e as análises edafolóxicas e paleobotánicas realizadas (Ramil et al., 1992) levan a pensar que esta área onde hoxe se ergue o Museo foi utilizada en tempos galaico-romanos (s. III-Vd.C. polo menos, amais dos posteriores en que foi rechea e achaiada), como unha zona de "expansión" para usos agrícolas e/ou gandeiros ás beiras do devandito camiño.

A campaña de escavacións de 1992

No outono de 1992 (as xeiras de traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga adoitan ser nesta estación do ano por mor da disponibilidade de operarios e sen as "servidumes" do calendario docente), acometeuse a continuación das escavacións en dúas áreas que, críamos e críamos ben, podían dar importantes datos e informacións sobre a configuración e a mesma datación do xacemento (o ángulo NE da croa e o antecastro do lado Oeste), ademais de favorecer a utilización patrimonial e a propia comprensión do Castro.

Nunha primeira fase, eliminároнse os muros testemuños de terra que se deixaran, por razóns arqueolóxicas e "loxísticas", na campaña de 1984 e que agora xa se podían retirar precisamente para poder entender mellor o xacemento nesta parte e pola propia seguridade dos visitantes. A escavación levouse a cabo a feito en dirección Norte-Sur e permitiu comprobar, no lado septentrional, a existencia dun nivel de ocupación moi desfeito e entullado, anterior ó do hábitat principal (tardío) do Castro. Localizáronse uns poucos restos de dous muretes moi desfeitos por baixo da cimentación das construccións hoxe visibles (fig. 6); naquel



Figura 6: Plano do camiño descuberto no antecastro Oeste na campaña de 1992.

momento, deixouse conservado e á vista un deles pero moi logo houbo que igualar e achaiar o terreo por mor da seguridade dos propios muros (e máis do público visitante). O material aparecido foi escaso e estaba constituído sobre todo por cerámica de tradición castrexa, lisa, ruín e moi esnaquizada, quizais correspondente a aquel nivel dos s. I a.C.-I d.C. que comentabamos ó citar as datacións do C14 e que xa se apuntara na campaña de 1984, que non procede tratar aquí.

A segunda parte desta campaña de 1992 centrouse na ampliación e escavación en área (10x10 m) dunha pequena cata aberta por Chamoso Lamas en 1974 no centro do antecastro Oeste. Comprobouse a existencia de estructuras de groso aparello (coios de cuarzo na base e grandes laxas de pizarra por riba), que enmarcaban ou protexían un camiño de acceso en dirección á "porta" que ten a croa por este lado (fig. 7). Ás dúas beiras deste camiño, feito a modo dun *rudus* consistente de pequenos coios e terra moi apisonada, existían uns espacios cun nivel de barro pisado, a xeito de "bastións" sobre tal camiño e nun dos cales se apreciaba un refeitío ou reforma co adosado dun muro de mampostería máis coidado, quizais motivado por un cambio de disposición ou de sentido neste acceso. As informacións que deu esta campaña foron de tal interese que, en realidade, non fixeron máis que provocar unha continuación na mesma área no ano 1996, como agora se verá.

O material aparecido nesta área do antecastro foi moi abundante, tanto en elementos de construcción (tégulas e ímbrices, cravos e tacholas, etc.) coma doutro tipo: moita cerámica común romana, algúns anacos de terra sigillata (entre eles o primeiro selo de oleiro de sixilata en Viladonga, magoadamente fragmentado pois só se pode ler OF...), e algúns bronces e fíbulas, tamén de cronoloxía galaico-romana avanzada.

Coma todos os anos, procedeuse ó rozado e limpeza de todas as partes de Castro que son de propiedade pública (todo o xacemento salvo as murallas do NE e o antecastro SE) e, en todo caso, nas áreas escavadas e na muralla principal. O labor de consolidación, máis ou menos puntual, fíxose

Figura 7: Restos dun murete por baixo do nivel de habitación tardorromano (1992).

cos criterios e materiais xa anotados máis arriba, e permitiu deixar o conxunto do Castro nun bo estado de conservación e de visualización e comprensión por parte de toda clase de público.

A campaña de escavacións de 1996

Pódese dicir que este ano supón un punto de inflexión importante no desenvolvemento dos traballos arqueolóxicos neste xacemento de Viladonga. Deixando á parte a realización concreta dunha xeira de limpeza e consolidación, feita na forma acostumada en 1995 por M.Alfonsín Soliño, no ano 1996 e por primeira vez acometíase unha escavación por parte de persoal técnico alleo ó propio Museo do Castro, se ben a dirección deste elaboraba o proxecto de actuación e supervisaba de cerca a súa realización. Deste xeito, tratábase de especializar o traballo arqueolóxico por un lado e museístico por outro, pero con todas as garantías de intercomunicación e complementariedade esixibles. Os arqueólogos de Terra-Arqueos S.L., Luis López e Yolanda Álvarez, foron os encargados de levar a bo porto esta empresa de colaboración, e da Memoria dos traballos realizados que se remitiu no seu día á Xunta de Galicia, extraemos as informacións que agora seguen.

A escavación centrouse en dous sectores: por un lado, na ampliación da área escavada no antecastro Oeste en 1992, e por outro, na continuación dos traballos na croa, xusto fronte á entrada principal do Castro pero sen chegar a esta (fig. 8). Excúsase dicir xa que todo esto acompañouse dos labores de limpeza e consolidación no xacemento na forma e cos criterios adoitados desde os anos oitenta, se ben utilizando as melloras e os avances técnicos oportunos.

As estructuras e os materiais aparecidos, as consideracións estratigráficas dos distintos espacios en que se dividiron as zonas escavadas, as análises radiocarbónicas obtidas e, en fin, a contextualización xeral destes últimos traballos de escavación realizados ata agora no Castro, permiten facer a seguinte valoración desta campaña de 1996:



Figura 8: O conxunto do Castro coa indicación das áreas escavadas en 1996.

No interior da croa, comprobouse perfectamente a existencia de dúas rúas que esgallan desde a entrada ó recinto, e veuse como as construccións se artellan en torno a elas. Algunhas vivendas xa eran coñecidas ou supostas desde as escavacións de Chamoso Lamas e Felipe Senén López nos anos setenta, pero agora foron exhumadas por completo mentres aparecía outra tamén completa pero só a nivel de cimentación, de pequeno tamaño mais cun breve pórtico dianteiro, xusto fronte á porta da croa. Os espacios interiores e exteriores destas construccións están "acondicionados" para aproveitar as características do terreo e a súa disposición (mesmo utilizando os propios penedos naturais), e así, no interior dunha casa circular con vestíbulo apareceu unha lareira con pedra fincada e cun pequeno poiete anexo e incluso con sinais do apoio para mover o guindastre sobre o lume. Os materiais máis abundantes nesta parte foron os cerámicos, maiormente castrexos pero tamén con bastante común romana (como un tipo de "xerriña gris" ben coñecido en xacementos galaico-romanos e astur-romanos), amais dalgúns útiles de pedra e de metal.

No antecastro ampliouse a beira Sur do camiño descuberto en 1992, e comprobouse a existencia dunha gran estructura de planta rectangular (non visible ata o momento), construída presumiblemente para servir de habitación pois se documentaron lareiras ó exterior e ó interior dela, así coma un silo con restos de sementes de cereais. Unha das paredes desta construcción estaba derrubada en posición horizontal pero practicamente intacta, co que supoñemos selará un nivel de ocupación de gran interese; de momento, deixouse in situ, como elemento didáctico e á espera de poder proseguir a escavación neste antecastro en tempo e cos medios oportunos. No fondo do camiño, que, en efecto, comunica a ladeira exterior Oeste do Castro coa mesma croa, exhumouse material cerámico e metálico de clara adscrición á época galaico-romana avanzada (fragmentos de sixilata, unha fíbula en omega, un pequeno bronce ilexible, etc.).

Convirá sinalar que as análises radiocarbónicas, efectuadas sobre dous anacos de madeira, de cadanseu sector, ofreceron resultados dispares pero, ó seu xeito, coincidentes co que sabemos para outras zonas por separado ou para o Castro no seu conxunto. Unha delas (da croa, mostra CSIC-1321) corresponde a unha viga (á morte do árbore que deu esa viga...) sita por baixo do muro dunha vivenda e apunta a unha idade calibrada de 356-104 a.C., mentres a outra (sobre o camiño do antecastro, mostra CSIC-1220) ofrece unha datación calibrada de 448-623 d.C. En resume, sen coincidir nunca por completo e exactamente as datacións radiocarbónicas coa caracterización cronolóxica e cultural dos seus materiais, as informacións que ambos factores aportan tampouco nunca se repugnan entre elas e pódense asociar sen problemas. Eis outro aspecto que induce a seguir investigando as estructuras construídas e os materiais aparecidos no Castro de Viladonga, seleccionando as áreas e delimitando os problemas que máis luces poden aportar para o coñecemento, como diciamos ó comezo, da evolución da Cultura Castrexa ó longo da etapa galaico-romana.

Conclusión

Despois de 16 campañas de escavación arqueolóxica (8 na segunda fase, desde 1982, e sen contar as de limpeza e/ou consolidación), os resultados obtidos, as características habitacionais e defensivas, e os materiais atopados comproban que o Castro de Viladonga tivo un asentamento amplo, continuado e estable, que é importante sobre todo en época tardorromana, entre os s. III e V d.C., se ben nos traballos de 1984 e 1992, realizados no ángulo NE da croa e fóra da muralla principal do lado Este, se puido apreciar un nivel de ocupación anterior, moi localizado no tempo e no espacio e moi arrasado posteriormente, que correspondería a un momento entre os s. I a.C. e I d.C., todo a reservas de futuras investigacións.

Precisamente aquí haberá que insistir en que o Castro de Viladonga non é, como antes se dixo, un xacemento xa pechado e rematado de escavar, e son precisas novas e contínuas investigacións que aclaren e/ou delimiten moitos problemas pendentes aínda de resolución e que poderiamos resumir nos seguintes:

- Completar a escavación de toda a croa ata o pé da muralla principal en todo o seu perímetro, tratando de definir mellor, na medida do posible

dado o seu entullamento, o nivel anterior ás estructuras hoxe visibles.

- Ampliar as escavacións nos dous grandes antecastros (o aterrazado do lado Oeste e - todavía de propiedade privada -, o situado ó SE da croa, onde existe unha cova ou galería de posible prospección mineira ou acuífera, todavía pendente dunha axeitada exploración.

- Localizar zonas de utilización tan diversa como importante, a saber: a/s necrópole/s (loxicamente fóra do recinto amurallado principal e presumiblemente de inhumación), a/s posible/s fontes para o aprovisionamento interior de auga, quizais os espacios destinados á estabulación de gando (anque supoñemos que este tamén estaría en liberdade), etc.

- Proseguir coa documentación e o estudio (por parte do propio Museo ou por investigadores alleos a este) dos materiais aparecidos ou aínda por aparecer, levando a cabo paralelamente e en íntima conexión co anterior, unha análise detallada da organziación espacial do Castro e da distribución funcional das súas partes e dos achados a elas asociados.

- Intensificar as prospeccións arqueolóxicas en toda a ampla comarca que rodea Viladonga, tratando de definir o tipo de relacións deste Castro cos moi numerosos asentamentos do contorno e do seu mesmo contexto arqueolóxico-histórico (castros, algunha vila romana, explotacións mineiras, etc.).

- Prestar unha atención constante á boa conservación de todo o xacemento (incluídos os accesos e dotacións anexas), para potenciar así o seu valor patrimonial e cultural (e xa que logo, social), como complemento, ou mellor como primeira causa, do seu Museo monográfico.

Pois é precisamente este último punto -que nos pon en relación coa utilización patrimonial, socio-cultural, educativa, e mesmo de lecer e turística do conxunto de Viladonga-, a verdadeira razón de ser das investigacións desenvolvidas no xacemento. Os case 23.000 visitantes que recibiu o Castro no ultimo ano computado (1997) e os máis de 150.000 que pasaron polo Museo desde a súa apertura a fins de 1986, obrigan, para que calquera investimento e traballo teña sentido social, a compaxinar perfectamente a investigación arqueolóxica e científica coa protección e a promoción do uso patrimonial e cultural do Castro de Viladonga e do seu Museo.

Bibliografía

ARIAS VILAS, F. (1990-1991): Achado dunha conteira no Castro de Viladonga (Lugo), *Boletín Auriense*, XX-XXI, p.105-117.

ARIAS VILAS, F. (1991): Excavación e limpeza no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), *Arqueoloxía. Informes. 2. Campaña 1988*, (Xunta de Galicia), p.71-75 e p.203-208.

ARIAS VILAS, F. (1992): O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo), *Coloquios Galegos de Museos*, (Consello Galego de Museos), Ourense-Vigo, p.43-54.

ARIAS VILAS, F. (1996): Excavación arqueolóxica e limpeza no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), *Arqueoloxía. Informes. 3. Campaña 1989*, (Xunta de Galicia), p.25-28.

ARIAS VILAS, F. (1997): El Castro de Viladonga y su Museo monográfico, *Restauración y Rehabilitación*, (Madrid), p.56-64.

ARIAS VILAS, F. (n.p.): Sobre os Museos de sitio arqueolóxico: un intento de revisión crítica, *El Museo de Pontevedra*, no prelo.

ARIAS VILAS, F. / DURÁN FUENTES, Mª C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela.

ARIAS VILAS, F. / FÁBREGAS VALCARCE, R. (1997, n.p.): Datacións radiocarbónicas do Castro de Viladonga (Lugo), *Castrexos e Romanos no Noroeste peninsular (Actas)*, no prelo.

CHAMOSO LAMAS, M. (1977): Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados, *Actas del Coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo, p.41-46.

RAMIL REGO, P. *et alii* (1992): Estudio edafológico y paleobotánico realizado en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo). Campaña 1990, *II Reunión Nacional de Geoarqueología*, Madrid, s.p.

MUSEO ARQUEOLOXICO DO CASTRO DE VILADONGA